



## CURSO 2006-2007: NOVIDADES NAS ACTIVIDADES DIDÁCTICAS E DE DIFUSIÓN.

Dolores Bastos Bernárdez



Foto 1: Grupo de Infantil e 1º ciclo de Primaria do CEIP Riotorto.

Neste artigo queremos dar a coñecer as novidades nas actividades didácticas e de difusión desenvolvidas neste curso e que xa teñen unha longa tradición neste museo (Arias Vilas, 1997; Arias Vilas, F e Sánchez Milao, M. C., 1993; Dorrego Martínez, F., 1997, 1999 e 2006), ampliándoas e experimentando novas posibilidades, partindo dos obxectivos que guiaron o deseño da programación didáctica:

- Difundir o coñecemento do Castro de Viladonga e a súa época, como recurso didáctico entre o profesorado.
- Achegar a interpretación dos restos materiais como fonte de coñecemento da sociedade que aquí viviu.
- Valoralo como patrimonio cultural e a importancia da súa conservación.
- Disfrutar coa visita a un xacemento e museo arqueolóxicos, despertando interese e curiosidade pola recuperación da nosa historia.

### ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN

Tratamos de achegarnos aos centros educativos a través de Internet: enviamos un e-mail a todos os centros educativos que aparecen relacionados na páxina web [www.educación.xunta.es](http://www.educación.xunta.es), da Consellería de Educación.

Neste correo engadimos un documento de Word no que recordamos os recursos didácticos e actividades a disposición dos profesores interesados en visitarnos, así como a oferta dos novos obradoiros: o arqueolóxico e o da moeda romana "Oficina Monetalis".

Outro recurso de difusión empregado foi a recollida e publicación de fotografías dos grupos que nos visitaron na páxina [www.aaviladonga.es](http://www.aaviladonga.es) (Foto 1), como incentivo para que os rapaces visiten esta páxina patrocinada pola Asociación de Amigos do Castro de Viladonga que dese xeito se acheguen a contidos relacionados co Castro e a cultura castrexa.

### RECURSOS AUDIOVISUAIS

Ademais dos habituais documentais sobre cultura castrexa das Televisións Española e Galega, Galicia no Tempo e Asociación Socio-Pedagóxica Galega, (que foron mellorados no seu paso a DVD coa axuda do persoal do Museo), como novidade, engadiuse "Como descubrimos a nosa historia: escavacións no Castro de Viladonga. 2006," producido por Iago Mazoi e financiado pola Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga; unha reportaxe de 10 minutos de duración, realizada con motivo das escavacións arqueolóxicas no Castro e os Campos de Traballo do verán de 2006. Dun xeito atractivo, móstrase o proceso do traballo arqueolóxico e tamén difúndese a existencia dos campos de traballo arqueolóxico entre as mozas e mozos de secundaria e bacharelato que participan nas visitas escolares.

Para os nenos máis pequenos (Primaria) utilizamos o PowerPoint "Da Idade de Pedra á Romanización" (elaborado por Dorrego Martínez, F., 1999), que serve de introdución ou fío condutor a través da prehistoria (simplificada nas distintas "Idades"), para situar cronoloxicamente á xente que viviu no Castro de Viladonga, incluíndo un pequeno esquema do proceso dunha construción dende o seu uso orixinal ata a súa escavación arqueolóxica. Usamos un método indutivo, partindo de algo concreto, como as ferramentas que usaba a xente, para definir algo máis abstracto como son as épocas históricas, tratando de facer máis doada para os pequenos a idea do paso do tempo e as transformacións socioeconómicas nas sociedades humanas.

### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

Estas exposicións elaboradas polo Museo ofertáronse tamén aos Centros Educativos, aínda que non tivemos peticións; teremos que insistir e presentalas doutro xeito porque pensamos que é un recurso interesante para os colexios e quizais pouco solicitado por descoñecemento, a pesar de que tamén figuran na páxina web [www.aaviladonga.es](http://www.aaviladonga.es).

De tódolos xeitos dúas exposicións viaxaron fóra do museo: "Do xacemento ao museo" exposta no Centro de Interpretación dos Castros do Neixón, grazas ás xestións da nosa restauradora Carolina Pérez Pérez; outra foi "Os traballos artesanais no Castro

de Viladonga", que estivo nos meses de abril e maio no Museo Municipal "Quiñones de León" de Vigo, con novas dun gran éxito de público; temos que sinalar a súa ampliación, en contidos e pezas, coas aportacións do Comisario encargado da exposición, José Valtierra, levando a cabo ademais uns interesantes obradoiros relacionados con eses traballos artesanais (fundición de pezas, elaboración de fíbulas, e cerámicas, etc.).

### DA "VISITA-EXCURSIÓN" Á "VISITA ACTIVA"

PLANIFICACIÓN: Ficha de visita escolar

#### 1º Presentación audiovisual:

- Primaria: "Da Idade de Pedra á Romanización"
- Secundaria: "Escavacións no Castro de Viladonga"

#### 2º Explicación das estruturas do Castro:

- A maqueta e o folleto do castro

#### 3º Estudo dos materiais expostos:

- Uso das fichas do programa didáctico

#### 4º Visita ao Castro:

- Explicación das distintas estruturas

Son coñecidos os condicionantes das visitas escolares: o Castro de Viladonga e o seu Museo son un elo máis nesa cadea de puntos de interese das excursións escolares (nun só día visitan Lugo, coa súa muralla, Catedral, Museo Provincial; o Pedregal de Irimia, a praia das Catedrais,...); aínda que hai exemplos de preparación exhaustiva da visita, a acumulación de lugares a visitar nun só día fai que os nenos cheguen cansos, desmotivados ou con pouco tempo; a visita é apenas suficiente para dispoñer do tempo material imprescindible para unhas breves pinceladas que ilustren o que están a visitar.



Outra dificultade previa é o número de alumnos que compoñen as excursións que dificulta o desenvolvemento de moitas actividades solventada, en parte, pola división dos grupos (museo/castro) (Dorrego, 2006); o problema preséntase cando se agrupan moitas excursións escolares nun so día, neses meses de marzo, abril, maio, e xuño (véxase no gráfico "NIVEIS EDUCATIVOS NO CURSO 06/07") e que incluso limita a posibilidade de realizar obradoiros (actividades en pequenos grupos) nesas datas. Procúrase sempre comentar aos profesores encargados da visita a saturación deses días, pero así mesmo somos conscientes que deben pregarse á programación establecida polos Centros Educativos; nalgúns casos é buscada a coincidencia no tempo co desenvolvemento das unidades didácticas relacionadas: cultura castrexa, romanización, etc.; incluso hai outros factores circunstanciais na acumulación de visitas escolares: cercanía ás vacacións de Semana Santa, final de avaliacións, as condicións do clima que condicionan a visita do xacemento, etc.; á vista do gráfico adxunto parece necesario traballar cos colexios de primaria e, principalmente do contorno máis cercano, a posibilidade de distribuír as visitas ao longo do ano. Tamén pensamos na opción de ofertar un amplo abano de actividades en distintas épocas do ano, diversificando así a asistencia destes grupos.

Ante estes condicionantes, tratamos de adaptarnos ás necesidades dos grupos escolares, aproximando os contidos do museo e o xacemento do xeito máis atractivo posible. Como paso previo realizamos unha ficha escolar na que recolleemos os datos dos grupos que nos visitan: día e hora da visita, número de alumnos, nivel educativo, tempo dispoñible, e actividades que se desexan realizar, concertadas ben por correo electrónico ou por contacto telefónico, aproveitando estes contactos para obter datos sobre os coñecementos previos dos visitantes.

Na visita básica tratamos, sempre que a dispoñibilidade de tempo o permita, de que a introdución á temática arqueolóxica e á cultura galaico-romana sexa a través dun audiovisual: o documental xa mencionado "*Como descubrimos a nosa historia: escavacións no Castro de Viladonga. 2006*", como introdución á actividade arqueolóxica para os alumnos de secundaria e bacharelato, e a presentación en PowerPoint "*Da Idade de Pedra á Romanización*" que, como xa comentaba Filomena Dorrego Martínez, (2006), axuda a que os

nenos conecten coa época histórica e cultural do xacemento e a crear neles uns coñecementos previos que lles permitan interpretar as pezas expostas.

A continuación pasamos a unha explicación diante da maqueta do castro situada na Sala II, na que visualizamos a estrutura do castro e os seus elementos, os distintos tipos de vivendas, etc. Para facilitar o diálogo e as súas intervencións, introducimos unha pequena novidade: repartímoslles un folleto adaptado ao seu nivel educativo. No dos nenos de primaria, no anverso, con debuxos sinxelos, cóntase dun xeito moi esquemático e sintético o que sucedeu dende que a xente habitaba no Castro ata a exposición dos obxectos que vemos dentro das vitrinas. Trátase de responder a preguntas sinxelas: ¿que pasa nunha aldea cando a xente marcha? ¿por que escavaron aquí? ¿como o fixeron? ¿que atoparon?. No reverso móstrase a reconstrución da croa e antecastro oeste do castro (tomado do conto "*Un día no Castro de Viladonga*"), mediante debuxos con personaxes que desenvolven distintos traballos que se levaban a cabo no castro e que comentamos nun diálogo participativo e activo. Así identificamos: agricultor, pastor, recolector, oleiro, carpinteiro, canteiro, xogos e actividades que recoñecen nos debuxos e que relacionamos cos obxectos das vitrinas, conseguindo que as pezas comece a contar parte da súa historia e usando dun xeito moi sinxelo os obxectos como documentos, como propón García Blanco, A. (1988).

As preguntas e respostas dos propios nenos conectan obxectos e actividades, pero ademais introducimos a idea de cambio, os distintos modos de vida que supón a época galaico-romana respecto ao mundo castrexo (vivendas, vasillas, materiais, etc.). Tamén usamos a reprodución dun fuso, coa súa fusaiola orixinal e unha roca con la, para explicar como, partindo do achado duns útiles na escavación arqueolóxica (fusaiola, tesoira, ripo, pesas de tear, agulla de bronce), se documenta un traballo que ten continuidade no tempo na cultura popular galega.

Este folleto acompáñase dun recortable das casas do castro (redonda e cadrada) que aparece nas fichas didácticas de ensino primario (nº 7) (aportación de Ana Rubiero), como agasallo e invitación a pintar, recortar e pegar, na casa ou na escola, coa intención de reforzar o visto no Museo e no Castro.



Foto 2: Investigando coas fichas no Museo.

No folleto entregado aos alumnos de secundaria e bacharelato, incluímos unhas fotografías aéreas do castro (1985) e da croa (2005), co obxectivo de que poidan relacionar os restos que van ver no castro coa reconstrución feita na maqueta, e explicar conceptos como cal é a extensión do castro, os seus elementos estruturais, o estado da croa na actualidade, etc. A inclusión do plano arqueolóxico no seu reverso sérvenos para achegar aos mozos e mozas o tipo de traballo do arqueólogo e interpretar elementos como as curvas de nivel, o sistema de cuadrículas, marcas de camiños, sinalización de distintos tipos de vivenda: a casa central, a casa alongada, barrios, vivendas illadas, con ou sen vestíbulo, e outros elementos do castro (antecastros, muralla, foxos, parapeto, cova). O obxectivo é traballar a abstracción dun plano arqueolóxico contrastada cos datos reais. Trátase de que estes alumnos, aos que tan difícil parece motivar, fagan un primeiro percorrido virtual (plano e maqueta) polo castro, co obxectivo de que cando visiten o xacemento, usando ese plano poidan orientarse e "ler" esas estruturas xa comentadas no museo. Para non facer moi extensa esta explicación apúntanse unhas notas moi sinxelas de actividades e traballos que se realizaban no castro, comentando a súa relación coas pezas das vitrinas: unha pequena introdución para que visiten as salas do Museo.

Tanto para os nenos de Primaria, como de Secundaria e Bacharelato, ofertamos a posibilidade de realizar as fichas dos programas de acción didáctica. Aínda que estes programas están colgados nas páxinas do Museo



Foto 3: A garda do Castro cun grupo na muralla norte.

en Internet, e incluso hai profesores que elaboran o seu propio caderno de actividades baseado nelas, un gran número descoñecen a súa existencia ou as vantaxes da súa utilización.

Para promover o seu uso e coñecemento deseñamos varias estratexias. No caso dos nenos de Primaria agrupamos as fichas en "bloques temáticos", carpetas que levan na súa portada un debuxo significativo (tomado do conto "*Un día en Viladonga*") e relacionado co contido das fichas que van no interior de cada carpeta: "*O ferreiro e os traballos do metal*"; "*A construción e o comercio*"; "*O tecido e o lecer*"; "*Un anaco da nosa historia*"; "*A cociña e os alimentos*"; "*A xente de Viladonga*" e invitamos aos nenos a que fagan a súa propia investigación por parellas, eliminando así as aglomeracións diante dunha mesma vitrina e evitando que se reduza a unha mera copia de fichas (Foto 2). Conseguimos así non cansalos, centrándoos nuns poucos obxectos pero que lles obrigan a percorrer o museo e a colaborar entre eles nun traballo compartido. Así mesmo, suxerimos aos profesores que fagan unha posta en común na aula para que os nenos expoñan as pesquisas dos distintos grupos e a que nos envíen algunha mostra dun traballo relacionado coa visita, (debuxo, redacción, etc.) recollidos no museo e que nos serven como información de feed-back para observar os resultados e mellorar diversos aspectos da visita.

Os grupos de secundaria tamén traballan fichas, dous por alumno e por parellas, procurando mesturalas de tal xeito que teñan que visitar todas as salas do



Foto 4: Facendo medicións na casa alongada.



Foto 5: Situando os elementos do Castro no plano do xacemento.



Foto 6: Buscando as pezas da "súa" construción no Museo.

museo. Tamén se lle engade o encrucillado das fichas de secundaria (aportación de Ana Rubiero), pasatempo con verbas relacionadas coa arqueoloxía e o castro, que tivo ampla aceptación.

O último paso desta visita, tanto para os alumnos de Primaria como os de Secundaria e Bacharelato e, quizais a máis importante, é o percorrido do xacemento, contando coa inestimable axuda da garda do Castro, Carmen Rodríguez Díaz (Foto 3). Neste percorrido móstrase a composición dos foxos e parapetos na escavación realizada na ladeira leste, os camiños da croa, distintos tipos de vivendas, o antecastro oeste, os diferentes barrios, os recentes descubrimentos das escavacións dos anos 2006 e 2007, e por último a cova, que xera expectación en grandes e pequenos coa ilusión de ver o musgo luminoso, que brilla na escuridade. (Reinoso Franco, J., 1998).

Esta visita, co audiovisual, explicación verbal, traballo de fichas e percorrido polo castro acompañados por persoal do museo, ten unha duración estimada entre hora e media e dúas horas, dependendo dos grupos e o interese dos alumnos. Podemos constatar que a maior parte das preguntas se acumulan na explicación da maqueta e na visita ao Castro, que, sobre todo nos nenos de Primaria, desata a imaxinación e as ganas de coñecer datos moi concretos: cantas persoas vivían aquí, onde está o cemiterio, onde tiñan os cuartos de baño, se as casas eran tan baixiñas porque os seus habitantes eran moi pequenos,...

## O DESCUBRIMENTO E A INVESTIGACIÓN NO MUSEO E NO CASTRO: OS OBRADOIROS

Os talleres didácticos están a ser unha práctica moi frecuente nos museos, sendo unha das súas características principais a de desenvolver capacidades e habilidades cognoscitivas dos seus participantes, postas en relación cos contidos expostos no museo (Serrat Antolí, N., 2005). Este ano desenvolvemos un "Obradoiro de Arqueoloxía" (cun Nivel Inicial para 3º ciclo de primaria, e un Nivel Medio para alumnos de secundaria), e a "Oficina Monetalis", (obradoiro de elaboración e estudo da moeda romana), cun dobre obxectivo: que o xacemento e os seus achados actúen como ferramenta de coñecemento da cultura castrexa na época galaico-romana, tratando de que os alumnos entendan a historia dun xeito máis activo e ameno e por outra banda, que participen nunha serie de procedementos que os acheguen á práctica investigadora.

### OBRADOIRO DE ARQUEOLOXÍA

Este obradoiro estaría na liña do que Nuria Serrat Antolí (2005), denomina visita-taller, posto que se mesturan a transmisión de contidos conceptuais e o traballo de habilidades e procedementos. Para a elaboración dos materiais que manexan os participantes consultamos os traballos de investigación arqueolóxica referidos ao castro (ver referencias na bibliografía arqueolóxica do castro).

Estrutura da actividade:

- Análise das estruturas do castro: por grupos e manexando planos, flexómetros, brúxulas, etc., investigamos algúns barrios da acrópole e os elementos estruturais do castro (Fotos 4 e 5).
- Análise dos materiais arqueolóxicos: a través da súa localización no museo e a súa descrición (cerámicas castrexa e romana, muíños, tégulas, pesas de colmo, pesas de tear, fusaiolas, etc.) (Foto 6).
- Traballo de aula: posta en común para acadar unha síntese da información recollida.

Neste obradoiro tivemos en conta as aportacións de Santacana, J.(1999), no senso de aproveitar o xacemento arqueolóxico como materia prima para a aprendizaxe e como punto de partida da investigación histórica, partindo dos datos proporcionados pola actividade arqueolóxica. Intentamos que os alumnos constrúan o seu propio coñecemento a través dunha observación dirixida e da que poden, coa colaboración do profesor na aula, elaborar unha síntese dos datos recollidos nesta investigación. O éxito foi, en xeral, garantido polo entusiasmo dos "investigadores", como podemos apreciar nas fotografías que ilustran estas liñas.

1. Para presentar o proceso arqueolóxico servímonos das presentacións audiovisuais xa comentadas na visita básica (documental para alumnos de secundaria e Power Point para os nenos de primaria).

2. Para formular hipóteses de traballo primeiro facemos unha pequena introdución diante da maqueta da Sala II: identificamos o tipo de asentamento e as súas estruturas, a súa cronoloxía e características xerais socioeconómicas. Este paso é fundamental para crear tamén unhas pequenas ideas previas a partir das que poidan investigar no xacemento.

3. A continuación distribuimos aos alumnos por grupos de 4, 5 ou 6 compoñentes, dependendo do número de alumnos do grupo (limitado en principio a 30 participantes, pero coas naturais excepcións), que serán tutelados por persoal do museo (quero aquí deixar constancia do meu agradecemento a todo os membros do museo que colaboraron dun xeito tan fundamental para o desenvolvemento exitoso desta actividade), que lles fai entrega do Caderno de Traballo: carpeta que consta dunhas instrucións nas que se insiste no respecto ao xacemento á hora de desenvolver o traballo; unha introdución que lembra os pasos principais da escavación arqueolóxica; o "traballo de campo" que van desenvolver no xacemento e o "traballo no museo" no que se dedicarán ao estudo da cultura material.

4. No que chamamos "traballo de campo" substituímos a visita guiada ao xacemento pola investigación propia do pequeno grupo: localizar unha vivenda concreta dentro do xacemento (proporciónaselles un plano da súa planta), orientar o debuxo da planta, facer medicións dos muros, entradas, lareiras, etc., identificar os distintos tipos de materiais das construcións,



Foto 7: Vista xeral do obradoiro "Oficina Monetalis".



Foto 8: Facendo os *cospeles* ou flans.



Foto 9: Pesando os flans.



Foto 10: Acuñando a moeda.



Foto 11: Verificando a boa acuñación dun aúreo de Arcadio.



Foto 12: Clasificando as moedas.

localizar os elementos estruturais que caracterizan o castro... Como materiais para a investigación, ademais do devandito Caderno de Traballo, que contén os distintos pasos da observación, dispoñen de brúxula, cinta métrica, os lapis de cores e plano do xacemento, cunhas instrucións de como traballar nun xacemento e indicacións do reparto dos distintos traballos a realizar, adaptados a dous niveis: inicial (indicado para o 3º ciclo de primaria) e medio (con actividades para secundaria e bacharelato).

5. Como traballo final buscarán no Museo as pezas ou obxectos similares aos atopados polos arqueólogos na "súa" construción e dos que teñen debuxos arqueolóxicos no Caderno de Traballo. Neste inclúense pistas para poder atopar eses obxectos, identificar o material do que están feitos e o seu uso, axudándose dun vocabulario arqueolóxico e dun anexo de documentación co que poderán elaborar as sínteses propostas na posta en común. Para facer máis asequible este traballo, salvando certo nivel de abstracción, aos grupos de Primaria engadíuselles unha serie de imaxes de traballos que teñen que relacionar coas pezas atopadas.

6. Posto que o desenvolvemento deste obradoiro leva case dúas horas, indicamos que a posta en común sexa levada a cabo na aula, como repaso e remate do proceso investigador. Pensamos que este traballo, con cuestións máis complexas elaboradas para os alumnos de secundaria, é de interese que se desenvolva baixo a dirección do profesor ou profesora, que poderá facilmente integrar estes contidos dentro das unidades didácticas relacionadas coa cultura castrexa e a romanización (1º ou 2º de ESO, dependendo das programacións anuais da materia).

Con esta investigación seguimos as indicacións que sinala Fernández Ochoa (1990) e, como suxerimos na posta en común, conseguimos que os "investigadores" respondan a unhas preguntas básicas: onde, como, quen e cando do momento histórico no que se desenvolve a vida no castro. É fundamentalmente unha actividade de observación que pon en xogo unha variedade de procedementos: traballo con planos, orientación con brúxulas, medicións, descrições e finalmente un traballo de síntese na aula. Unha tentativa de aprender facendo, que ten como obxectivo fundamental que os alumnos protagonizen a súa aprendizaxe, interpretando os datos que proporciona a investigación arqueolóxica.

### "OFICINA MONETALIS": OBRADOIRO DA MOEDA NO MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA.

Neste curso desenvolvemos un obradoiro de moeda romana, "Oficina Monetalis" que anticipaba Filomena Dorrego Martínez, (2006), e cuxo material fora xa elaborado polo equipo técnico do Museo. Coa axuda das moedas podemos descubrir a influencia do mundo romano na cultura castrexa, na época na que Viladonga acadou a súa maior ocupación (de finais do século II ata o século V). A actividade desenvólvese en varias fases:

**1ª "A moeda"** (montaxe de PowerPoint, realizado por Ana Rubiero e Marta Cancio). Como actividade introdutoria e creadora dunhas ideas previas, explicamos os seus elementos, a súa orixe, os métodos de fabricación, expansión, etc... adaptando a complexidade a cada nivel educativo, e introducindo as fases fundamentais do proceso da acuñación empregado polo mundo romano que logo imos desenvolver na práctica. Intentamos introducir a moeda como fonte histórica que nos fala do sistema político, o comercio no mundo romano e a súa importancia, as cecas que se rexistran no xacemento de Viladonga e a variación dos tipos e materiais das moedas en distintas épocas do Imperio.

**2º Reprodución de moedas romanas** (Foto 7): Traballamos como nun taller de produción monetaria: acuñamos moedas, substituindo o fundido do metal polo modelado en arxila branca, pero tratando de seguir tódolos procesos da súa elaboración; mentres uns, os *falturarii*, elaboran os flans ou cospeles -formas redondeadas lisas, sen marcas- (Foto 8), os *aequatores* pésanos (Foto 9), os *suppositores e maellatores*, acuñan (Foto 10) e finalmente outros, os *dispensatores*, verifican unha boa acuñación. Se o resultado é bo, píntanse da cor do metal que lle corresponda: os cuños reproducen un aúreo de Arcadio e un denario de Augusto, polo que se douran ou pratean según corresponda (Foto 11).

**3º Clasificación das moedas:** medímolos, describímolos, debuxámolos e intentamos saber cando se fixeron. A análise da moeda feita no obradoiro sérvenos para darlle contido conceptual a toda a actividade (Foto 12).



Foto 13: Detalle da ficha de catalogación

Queríamos levar a cabo esta actividade no seu desenvolvemento práctico como un verdadeiro taller, procurando que todos pasaran polas distintas fases de fabricación da moeda. Por isto puxemos como límite de asistentes 30 alumnos, dividindo o grupo á metade. Así, traballamos con 15 alumnos no obradoiro (instalado na base de escavacións), visitando o museo e o castro a outra metade e rotando ao final de ambas actividades. Probamos varias opcións: nos grupos menos numerosos, mentres uns fabrican moedas, outros clasifícanas; noutros casos acuñamos e clasificamos con todos á vez.

Para a clasificación da moeda realizada, e axudándose dunhas réplicas a escala, realizamos unha ficha de catalogación na que se recollen os seus datos (Foto 13): xacemento, uso, material, cronoloxía, medidas (módulo), posición dos cuños, descrición de anverso e reverso, época cultural e debuxo da moeda. O tema máis complexo parecíanos que sería a determinación da cronoloxía: por iso elaboramos uns paneis con esquemas cronolóxicos das épocas do imperio romano, situando os emperadores que aparecen nas moedas de Viladonga. Engadimos representacións escultóricas destes emperadores acompañadas das reproducións das súas moedas para facilitar a comprensión da sucesión histórica e, nalgúns casos, fixarnos no paralelismo estético entre ambas representacións figurativas dos emperadores.

Temos que sinalar que este obradoiro foi moi solicitado para o 3º ciclo de primaria: un momento no que os nenos devecen por aprender facendo e este tipo de actividade

manual entreteños, aprendendo cousas novas e, á vez, divertíndose. A sorpresa veu dada polo seu interese na clasificación da moeda realizada: buscar no panel a súa moeda e identificar o emperador foi sinxelo e case intuitivo. Como resultado do obradoiro, cada alumno levou consigo unha das moedas reproducidas no obradoiro.




#### OUTRAS POSIBILIDADES DIDÁCTICAS SUXERIDAS AO PROFESORADO:

**Caderno de campo, realización de rotas de sendeirismo, visita de contornas naturais e culturais.**

- **Caderno de campo** que poderían organizar, a nivel interdisciplinar entre os distintos departamentos (ciencias naturais, matemáticas, xeografía e historia, lingua e literatura, etc.), estudando por exemplo, o itinerario percorrido, o entorno natural (vexetación, fauna, solos, etc.), ofrecendo o museo a información complementaria que precisaran.

- **Realización de percorridos de sendeirismo** que discorren polo Concello de Castro de Rei: **A Rota do Azúmara** toma este nome polo río que a bordea; esta rota parte do Museo e nun dos seus tramos pódese visitar unha antiga mina de arsénico; **A Rota da Escrita** toma este nome polo monte que a atravesará; no seu percorrido existen 24 fitos, pedras nas que están escritos textos poéticos de autores da Terra Chá.

- **Visita de contornas naturais e culturais de interese.** A situación xeográfica do Museo permite incluír na excursión a visita a outros lugares de interese como o Pedregal de Irimia, Fonmiñá, a Lagoa de Cospeito, o Mosteiro de Meira, o Carballo de Luxís, etc.



#### CONCLUSIÓNS

Os gráficos adxuntos axúdannos a facer unha reflexión acerca dos escolares que visitaron o Museo e o Castro neste ano escolar. No gráfico "Porcentaxes por niveis educativos" visualizamos a importancia que ten a asistencia dos nenos de primaria. Por unha banda reafirmamos na necesidade de aumentar as actividades referidas a este rango de idades pero tamén nos alerta da necesidade de difundir e "publicitar" estas instalacións museísticas entre os outros niveis educativos, secundaria e bacharelato. Sobre todo pensamos na necesidade de elaborar programacións didácticas que, incardinadas cos currículos da etapa de secundaria, animen ao profesorado a incluír a visita a Viladonga dentro do desenvolvemento dunhas unidades didácticas concretas como práctica habitual. A situación do bacharelato e máis complexa, posto que

se pensa nesta visita como referente para as ramas de Humanidades e Ensinanzas Artísticas. Esperamos que a oferta dun novo audiovisual referido ao medio natural da comarca anime ao profesorado das especialidades de Ciencias a incluírnos nas súas saídas escolares.

O gráfico "Desglose por ciclos educativos" pon en evidencia que a asistencia dos cursos de primaria é maioritaria no seu 3º ciclo (cursos 5º e 6º), situación que xa se poñía de manifesto no estudo de Arias Vilas, F. e Sáchez Milao, Mº C. (1993). Como apuntamos ao comezo deste artigo, a diversificación no tempo das actividades didácticas (ofertar obradoiros que se poidan desenvolver independentemente do tempo meteorolóxico, por exemplo) poderá ser unha solución para evitar que se acumulen as visitas no mes de maio.

Outro punto a desenvolver son as actividades para primeiro e segundo ciclo de primaria, que acerquen dun xeito quizais máis lúdico e sinxelo os contidos do Castro e Museo, posto que a súa visita é mínima ou case inexistente no caso do primeiro ciclo de primaria.

Do gráfico “Lugares de procedencia” queremos salienta a necesidade de difusión destas instalacións en comarcas tan cercanas como o Bierzo ou Asturias occidental, ben comunicadas por estrada e que están moi pouco presentes nos nosos visitantes. Igualmente parece ser necesario potenciar a difusión nos centros do sur de Galicia, Ourense e Pontevedra, aínda que neste caso aumentan as dificultades nas rotas de comunicación, que entorpecen a visita escolar pola duración do traxecto de desprazamento. Un dato, en principio sorprendente, é a maior participación dos centros escolares coruñeses, explicable pola maior densidade de poboación e as boas condicións das vías de transporte.

Este programa de actividades didácticas intentou ofrecerlle aos centros educativos un conxunto de actividades como apoio para a aprendizaxe da historia, utilizando como recurso o patrimonio arqueolóxico. Queremos contar aos escolares o pasado remoto da súa terra; pero tamén queremos que aprendan a investigalo e a imaxinalo, a recrear esas ruínas que, doutro xeito, só serán para eles un montón de pedras, ou esas cerámicas das que ás veces apenas conservamos pequenos fragmentos. Así coñecerán a importancia dos traballos arqueolóxicos e o empeño de moitas persoas por estudar e conservar o noso patrimonio. Incidir sobre a necesidade de coñecer o noso pasado para non esquecer de onde vimos e o que somos, coidar da nosa identidade cultural, é importante para non disolvernos na globalización mundial.

Quero deixar constancia do meu agradecemento a todo o persoal do Museo, (técnicos, restauradores, debuxante-fotógrafa, auxiliar de museos, vixiantes, garda do Castro e gardas de seguridade) pola súa paciencia e imprescindibles complicidade e colaboración, sen os que estas actividades non se levarían a cabo.

A aprendizaxe da historia, a local e a universal, é moi importante como parte da formación dos escolares de tódalas idades. Pode ser, ademais, unha aprendizaxe na que se impliquen e da que disfruten. Esa foi unha das nosas intencións no deseño e desenvolvemento dos obradoiros ofertados este ano. A xeito de avaliación podemos comentar que esta primeira experiencia contou coa participación de 406 escolares no obradoiro da moeda, repartidos en 18 grupos, dos que só un correspondeu á etapa de secundaria (4º da ESO) e o resto a primaria (dende 3º a 6º); no obradoiro de arqueoloxía participaron 344 alumnos, distribuídos en 11 grupos, 6 de secundaria (1º e 2º da ESO) e 5 de primaria (2º e 3º ciclo). O reto para o curso vindeiro será deseñar actividades máis diversificadas por idades, dende primaria a bacharelato, porque pensamos que aprender historia non é só aprender sucesos e cronoloxías, senón combater estereotipos que se forman desde moi cedo e desenvolver capacidades e actitudes. Para aprender e disfrutar coa historia e as súas pegadas arqueolóxicas é necesario saber escoitar, expresarse, observar, deducir, sentir curiosidade, etc. Isto supón un longo proceso educativo que, tendo lugar fundamentalmente nas aulas, queremos apoiar dende este museo arqueolóxico. Por esta razón, o noso obxectivo será organizar actividades segundo etapas, ciclos e niveis con centros de interese, contidos e obxectivos distintos, de modo que se adecúen ao interese dos escolares e, dentro do posible, inseridos nos programas curriculares, sen esquecer que a visita a un museo pode e debe ser algo ameno e incluso divertido, que cree expectativas positivas e gañas de repetir nos adultos do futuro.

## BIBLIOGRAFÍA

- ARIAS VILAS, F. (1988): “Experiencias en el Museo del Castro de Viladonga”. *VI Jornadas Nacionales D.E.A.C. Museos*. Valladolid, p.174-177.

- ARIAS VILAS, F. / SÁNCHEZ MILAO, MªC. (1993): “El público visitante del Museo del Castro de Viladonga (Lugo). Cuatro años de experiencias (1987-1990)”. *VIII Jornadas Nacionales D.E.A.C. Museos. (Mérida 1991)*, Salamanca, p.109-112.

- ARIAS VILAS, F. (1998): “Comunicación, difusión e didáctica. O caso do Museo do Castro de Viladonga (Lugo)”. *Administracións Autonómicas e Museos. Cara a un modelo racional de xestión*, (Xunta de Galicia). Santiago de Compostela, p.225-253.

- ASENSIO, M. e POL, E. (2002): *Nuevos escenarios en educación. Aprendizaje informal sobre el patrimonio, los museos y la ciudad*. Buenos Aires: Aique Grupo Editor.

- DOMÍNGUEZ, C./ ESTEPA, J./ CUENCA, JOSÉ Mª (editores) (1999): *El museo. Un espacio para el aprendizaje*. Huelva: Universidad de Huelva.

- DORREGO MARTÍNEZ, F. (1997): “El aprovechamiento didáctico del Museo del Castro de Viladonga”. *CROA*, 7, p.10-13.

- DORREGO MARTÍNEZ, F. (1999): “As visitas escolares ó Museo do Castro de Viladonga no curso 1998-1999”. *CROA*, 9, p.35-38.

- DORREGO MARTÍNEZ, F. (2006): “Unha experiencia didáctica no Museo do Castro de Viladonga, (Castro de Rei, Lugo)”. *REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN*, 35, p.60-62.

- FERNÁNDEZ OCHOA, Mª C. e outras (1990): *Arqueología. Enseñar desde las raíces de la Historia*. Madrid: Narcea de Ediciones.

- GARCÍA BLANCO, A. (1988): *Didáctica del Museo. El descubrimiento de los objetos*. Madrid: Ediciones de la Torre.

- PASTOR HOMS, Mª I. (2004): *Pedagogía museística. Nuevas perspectivas y tendencias actuales*. Barcelona: Ariel.

- SANTACANA, J. e HERNÁNDEZ, X. (1999): *Enseñanza de la arqueología y la prehistoria*. Lleida: Editorial Milenio.

- SERRAT ANTOLÍ, N. (2005): “Acciones didácticas y de difusión en museos y centros de interpretación” en: SANTACANA MESTRE / SERRAT ANTOLÍ (coord.), *Museografía didáctica*. Barcelona: Ariel.

- VILLAR QUINTEIRO, R. (2004): “Museos y Didáctica: estado de la cuestión”, *REVISTA DE MUSEOLOGÍA (A.E.M.)*, 29, p. 15-19.

- *Museo Arqueológico do Castro de Viladonga. Programas de Acción Didáctica*, (4ª edición). Lugo 1998.

- *Os traballos artesanais no Castro de Viladonga*, (Xunta de Galicia), Lugo 2000. Filomena Dorrego e Ana Rubiero (textos) e Marta Cancio (deseños).

- *Un día no Castro de Viladonga*. Lugo 2000, Felipe Arias Vilas, (dirección e coordinación), Filomena Dorrego (textos) e Marta Cancio (debuxos).

## BIBLIOGRAFIA ARQUEOLÓXICA DO CASTRO DE VILADONGA

- ARIAS VILAS, F. (1985): *Castro de Viladonga. Campaña 1983*. (Arqueoloxía. Memorias. 2). Santiago de Compostela.

- ARIAS VILAS, F. (2000): “Os últimos traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo): 1988-1998”. *BRIGANTIUM*, vol. 12, p.187-198.

- ARIAS VILAS, F. / RAMIL GONZÁLEZ, E. (2003): “Informe preliminar dos traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga en 2003”. *CROA*, 13, p. 21-42.

- CHAMOSO LAMAS, M. (1977): “Las excavaciones del Castro de Villadonga y la problemática que plantean sus resultados”. *Actas del Coloquio internacional sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo, p.41-46.

- LLANA RODRÍGUEZ, C. / VARELA ARIAS, E. (1999): “Una aproximación a las actividades realizadas en la zona oriental del Barrio Norte del Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)”. *CROA*, 9, p.14-29.

- LLANA RODRÍGUEZ, C. / VARELA ARIAS, E. (2000): “Acerca de la funcionalidad de la zona occidental del barrio norte del Castro de Viladonga”. *CROA*, 10, p.21-32.

- LLANA RODRÍGUEZ, C. / VARELA ARIAS, E. (2001): “Las primeras excavaciones arqueológicas en el Castro de Viladonga treinta años después”. *CROA*, 11, p.11-24.

- LLANA RODRÍGUEZ, C. / VARELA ARIAS, E. (2003): “Análisis de dos unidades habitacionales del Castro de Viladonga”. *CROA*, 13, p. 21-38.

- REINOSO FRANCO, J. (1998): “El musgo luminoso *Schistostega pennata* en el Castro de Viladonga (Lugo)”. *CROA*, 8, 1998, p.29-32.